



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

9 de Abril de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

12:06

Hora de Finalización

12:26

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declárase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 28.03.2025 (ACTA 2025/6)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ORDE DO 05.03.2025 DA CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS E O PROCEDIMENTO PARA A DISTRIBUCION DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACION LOCAL DESTINADO AOS CONCELLOS DE GALICIA CON POBOACION INFERIOR AOS 15.000 HABITANTES, PARA O ANO 2025 (PR486B)

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde** da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de data **5 de marzo de 2025**, pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do **fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local** destinado aos **concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes** (PR486B)

Seguidamente dase conta da documentación elaborada por distintos servizos para concorrir a esta convocatoria

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar a memoria da actuación "**Mellora da eficiencia enerxética do cenro de saúde**" para a que se solicita subvención, a saber:

LIÑA 1: Investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais.

"**Mellora da eficiencia enerxética do centro de saúde de Castrelo do Val**", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Proxecto.

Autor: Juan Manuel Mera Díaz, Arq. Tec. Col. 159 COAT Ourense.

Data: abril de 2025.

Orzamento base de licitación: 48.000,00 euros.

Honorarios de R.P., coord. seg e saúde e D.E.O.: 4.033,61 euros.

Orzamento total (inc. Honorarios técnicos): **52.033,61 euros**.

SEGUNDO. Solicitar á **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes** unha subvención, ao abeiro da orde de referencia, para a realización de ditas actuacións e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

3º. CERTIFICACION NUM. 1, LIQUIDACION DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑO DE SAN ANTON, EN NOCEDO DO VAL", DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2024-2025, (PLAN MARCO MR701E).

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)**, de data **7 de maio de 2024**, dentro do **Plan de mellora de camiños municipais 2024-2025 Plan Marco**, para a obra "**Mellora de Camiño San Antón, en Nocedo do Val**" (Expte. PM24-0142, código de procedemento **MR701E**)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación** da devandita obra denominada "**Mellora de Camiño San Antón, en Nocedo do Val**", do **Plan de mellora de camiños municipais 2024-2025**, cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **27.912,28 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** da obra denominada "**Mellora de Camiño San Antón, en Nocedo do Val**", do **Plan de mellora de camiños municipais 2024-2025**), cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **27.912,28 euros**, suscrita pola directora das mesmas, **María Cristina Sabariz Rúa**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; consecuentemente, **aprobar a factura núm. A43 de Excave 2000, S.L. de data 09.04.2025** correspondente á devandita certificación núm. 1, liquidación da obra "**Mellora de Camiño San Antón, en Nocedo do Val**", por importe de **27.912,28 euros**.

TERCEIRO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa da axuda que se concedeu polo AGADER; como queira que:**

- **Tomouse razón na contabilidade** municipal da axuda descrita no encabezamento.
- **Cumpríuse a finalidade** para a que foi concedida a subvención.
- **O Concello non conta con ningunha outra subvención** concedida de calquera orixe e natureza para a mesma finalidade, agás a que se está a xustificar neste expediente
- **Cumpríuse coa normativa** aplicable en materia de **contratos do sector público**, en particular coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; e a actuación conta coas **autorizacións sectoriais esixibles e é conforme có Planeamento urbanístico municipal**.

4º. APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACION DE DEBEDA DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024. MEDIDA "RETRIBUCIONS DE PERSOAL"

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste punto da Orde do día, lembrando que de acordo coas **Bases** para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2025**, (**BOP núm. 245, do 20.12.2024**), foi a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 15.01.2025** quen acordou solicitar da Deputación os diferentes investimentos e actuacións a realizar por parte do Concello con cargo ao devandito Plan.

Polo que respecta ao programa de gasto corrente, medida:

Denominación: **Retribucións de Persoal.**

Orzamento total **30.084,76 euros.**

Achega provincial: **30.084,76 euros.**

Chegado o momento actual de execución orzamentaria, superouse o gasto a xustificar ante a Deputación, para poder solicitar o aboamento dos fondos correspondentes.

Para elo, vista a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada favorablemente pola Intervención municipal, procede adoptar acordo de aprobación da mesma e de remisión da documentación oportuna á Deputación Provincial para o libramento dos fondos correspondentes.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención, de acordo có seguinte resumo:

CONTRATACIÓN	DURACIÓN	TOTAL GASTOS SALARIAIS	TOTAL GASTOS
SANTIAGO DE LORENZO TABOADA	01.01 - 31.03	18.431,46	18.431,46
MARÍA GONZÁLEZ RIVERO	01.01 - 31.03	9.294,09	9.294,09
MANUEL SERAFIN SALGADO RIVERA	01.01 - 31.01	2.948,97	2.948,97
GASTOS TOTAIS RETRIBUCIÓNS DE PEROSAL			30.674,52

Que os postos desempeñados polos traballadores foron:

- Santiago de Lorenzo Tabada: secretario-interventor
- María González Rivero: auxiliar administrativa.
- Manuel Serafín Salgado Rivera: encargado xeral.

SEGUNDO: Declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a axuda por importe de **30.84,76 euros (trinta mil oitenta e catro euros, con setenta e seis céntimos)**, mediante Resolución da Deputación Provincial de Ourense. E igualmente aplicáronse os fondos destinados para tal efecto.

TERCEIRO: Declarar que a xustificación da subvención concedida, refírese ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención:

PROXECTO SOLICITADO	EUROS	PROXECTO FINAL	EUROS
Retribucións de persoal	30.084,76	Retribucións de persoal	30.674,52
Total	30.084,76	Total	30.674,52

CUARTO: Declarar que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

QUINTO: Declarar que o concello de Castrelo do Val atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

SEXTO: Declarar que na execución da actuación cumpriuse coas bases do Plan provincial para o exercicio **2025**.

SÉTIMO: Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Ourense e solicitar o ingreso dos fondos correspondentes nas arcas municipais.

5º. COMPROMISO DE PERMANENCIA DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL NO SERVIZO QUE PRESTA A BIBLIOTECA MÓBIL DE GALICIA.

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste asunto, explicando que desde a **Consellería de**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Cultura contactouse có concello para trasladar a **necesidade de renovar o Convenio** do servizo de **biblioteca móbil** ao que o Concello adheríuse por acordo da **Xunta de Goberno Local de da 12/01/2023**, xunto cós concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Cualedro, A Gudiña, Laza, Oímbra Trasmiras e Vilardevós.

O servizo de biblioteca móbil representa, en síntese, **para os veciños** dos diferentes núcleos de poboación a apertura da posibilidade de disfrutar dun servizo público de biblioteca; e **para o concello**, un compromiso de colaboración e apoio loxístico, así como a designación dun interlocutor do proxecto.

Lembra que da execución do convenio, **non se derivan compromisos económicos** para os concellos asinantes; e a **duración** prevista do mesmo é de **un ano** desde a data da súa sinatura.

Tralo que, ao considerar conveniente para os intereses municipais a permanencia do Concello na Rede do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cos concellos adheridos; a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a renovación do compromiso de permanencia do Concello de Castrelo do Val na Rede creada polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e os concellos adheridos para o funcionamento do servizo de biblioteca móbil.

SEGUNDO: Designar como intelocutora do Concello de Castrelo do Val a Dna. **María del Mar Valle Álvarez**, Primeira Tenente de Alcalde.

TERCEIRO: Aprobar que o Concello base loxística do servizo sexa o Concello de Oímbra.

CUARTO: Facultar expresamente ao **Sr. Alcalde**, D. Vicente Gómez García para a sinatura do Convenio e da restante documentación administrativa que resulte precisa para a materialización do acordado.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

